

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA 2026 PARA AS COMISIÓNS DE FESTAS

O Concello de Gondomar, a través da súa Concellería de Cultura, ten entre os seus fins promover e impulsar a cultura popular galega nas súas múltiples expresións artísticas. Non hai maior reflexo das nosas tradicións que as comisións de festas patronais.

Proba disto é que, dende o ano 2015, o Concello de Gondomar facilita unha axuda anual a todas as comisións de festas legalmente constituídas, á marxe das subvencións de concorrencia competitiva que se convocan cada ano. No marco desta iniciativa, o Concello de Gondomar concedeu nos últimos dez anos máis de duascientas carpas.

Coa presente convocatoria, o Concello de Gondomar quere seguir reforzando o seu compromiso coas comisións de festas que, ano tras ano e con grande esforzo, levan a cabo a celebración das súas festas patronais nas distintas parroquias e barrios do municipio.

1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular o proceso de solicitude de carpas para a celebración das festas patronais do ano 2026 por parte das comisións de festas do Concello de Gondomar, garantindo a igualdade de trato entre todas as entidades solicitantes, que deberán aceptar integramente estas bases no momento da presentación da solicitude.

2. DOTACIÓN ORZAMENTARIA

O Concello de Gondomar destinará un importe total de **18.000 €** á concesión de carpas ás comisións de festas legalmente constituídas.



3. RÉXIME XURÍDICO

O procedemento para a concesión dunha carpa a cada comisión de festas do Concello de Gondomar legalmente constituída será de **concorrenza non competitiva**, ata o esgotamento do crédito dispoñible, entre todas as solicitudes que reúnan os requisitos establecidos nestas bases, respectando os criterios de equilibrio territorial.

As solicitudes resolveranse atendendo á súa orde de presentación, segundo a súa prelación temporal, ata o esgotamento do crédito.

4. ENTIDADES DESTINATARIAS

Poderán ser entidades beneficiarias as comisións de festas do Concello de Gondomar legalmente constituídas que vaian celebrar as súas festas patronais no ano 2026.

Todos os requisitos esixidos nestas bases deberán acreditarse na data de presentación da solicitude e manterse durante todo o período de duración da comisión de festas.

5. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

A través destas bases reguladoras, as comisións de festas do Concello de Gondomar poderán solicitar **unha carpa por comisión**, das medidas establecidas por esta administración (**10 m de ancho por 15 m de longo**), para o desenvolvemento da programación das súas festas patronais, **previa autorización municipal**.

As actividades deberán estar dirixidas ao público en xeral, ser de acceso libre e gratuíto.

As comisións de festas, como organizadoras do evento, deberán declarar responsablemente que contan coa autorización municipal necesaria para a celebración do evento na data solicitada e que coñecen e cumpren as condicións e obrigas establecidas nestas bases.



Por outra banda, aquelas comisións de festas que, durante o período de celebración das súas festas patronais no ano 2026, non precisen carpa, poderán optar a unha **axuda económica de 600 € (con IVE incluído)** destinada a sufragar unha actuación musical que deberá figurar previamente no programa da festa. Esta axuda económica estará igualmente suxeita ao esgotamento do crédito dispoñible e tramitarase do mesmo xeito ca a solicitude de carpa.

6. OBRIGAS DAS COMISIÓNS DE FESTAS BENEFICIARIAS

As comisións de festas ás que se lles autorice a cesión da carpa estarán obrigadas a:

- Levar a cabo a actividade obxecto da solicitude e notificar calquera modificación ou a non realización da mesma cunha antelación mínima de 10 días respecto da data prevista do evento
- Indicar a localización exacta onde se instalará a carpa e facilitar un teléfono de contacto para a coordinación da montaxe.
- Realizar a publicidade das actividades en lingua galega e non empregar linguaxe sexista nin incluír contidos que inciten ao odio ou á violencia.
- Incluír en todas as accións promocionais e materiais de difusión (folletos, carteis, cuñas de radio, prensa, medios locais, redes sociais, etc.) o logotipo do Concello de Gondomar, de acordo coas normas de identidade corporativa dispoñibles na páxina web municipal www.concellodegondomar.gal, no apartado “Concello – Información – Identidade Corporativa”, así como o “banner horizontal cartelería” da ligazón <https://concellodegondomar.gal/gondomar/escudo/>
- Conservar un exemplar de cada material divulgativo e achegalo no momento da solicitude.
- Cumprir coas medidas establecidas de publicidade municipal na cartelería da festa.
- Garantir que o logotipo do Concello de Gondomar sexa visible durante a celebración do evento.



- Facilitar a colocación das dúas lonas publicitarias que achegará o Concello de Gondomar, que deberán estar visibles durante o evento.
- Obter todas as autorizacións e permisos necesarios para a celebración do evento con carácter previo á solicitude da carpa.
- Cumprir coa normativa vixente en materia de seguridade e hixiene.
- Presentar a solicitude dentro dos prazos establecidos.
- Cumprir todos e cada un dos requisitos recollidos nas presentes bases.

7. PRAZO, PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E NOTIFICACIÓNS

As solicitudes deberán presentarse a través do Rexistro Xeral, mediante o formulario de instancia xeral dispoñible na sede electrónica do Concello de Gondomar.

A solicitude deberá presentarse cunha antelación mínima de **30 días naturais** respecto da data de celebración do evento e contar con todos os permisos municipais no momento da súa presentación.

As resolucións de concesión ou, se é o caso, de desestimación da carpa, notificaranse exclusivamente por medios electrónicos á persoa solicitante.

Será obrigatorio que a solicitude estea asinada a nome do/a presidente/a da comisión de festas e que se indique un número de teléfono de contacto do mesmo/a.

8. DOCUMENTACIÓN

As comisións de festas interesadas deberán achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- Cartel publicitario do evento en lingua galega e en formato PDF, elaborado conforme ás directrices de publicidade corporativa dispoñibles na páxina web municipal www.concellodegondomar.gal, no que deberá figurar o nome da



feira patronal, a actividade a realizar, a data e o lugar do evento, así como o logotipo do Concello de Gondomar.

- Número de rexistro da solicitude de permiso municipal para a celebración do evento, presentado nas oficinas do Rexistro Xeral ou na Sede Electrónica do Concello.

9. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

O Concello de Gondomar terá en conta os seguintes criterios:

- As solicitudes atenderanse por orde de celebración das festas patronais.
- Non se resolverá ningunha solicitude ata que a festa conte con todas as autorizacións necesarias.
- Unha vez concedida a carpa, o/a presidente/a deberá asinar o correspondente convenio de colaboración no Concello de Gondomar cando sexa citado/a.
- A concesión da carpa será exclusiva para comisións de festas legalmente constituídas no Concello de Gondomar.
- Cada comisión de festas só poderá optar a unha única axuda durante o ano 2026.
- Só se autorizará unha carpa por comisión de festas.
- Unha vez autorizada a carpa, o/a presidente/a da comisión de festas, ou a persoa en quen delegue, será a persoa de contacto para coordinar a súa montaxe.
- As carpas concedidas polo Concello de Gondomar son estruturas pechadas polos catro costados e con suxeición mediante contrapesos. Será responsabilidade do/a presidente/a aceptar este sistema de suxeición e asumir os posibles danos que poidan causarse no terreo. No caso de ser de titularidade municipal, deberán asumirse os gastos de reparación dos desperfectos ocasionados.



- A concesión destas axudas queda suxeita á dispoñibilidade orzamentaria.
- Poderase obter información sobre este procedemento administrativo na páxina web municipal www.concellodegondomar.gal ou no enderezo electrónico oficinadeturismo@concellodegondomar.gal.
- A vixencia destas bases iniciárase ao día seguinte da súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, sendo de aplicación durante todo o ano 2026.

